

Instituciones político-jurídicas y desarrollo sostenible



**Antón Lois Fernández Álvarez
Gilvan Luiz Hansen
Eder Fernandes Monica
(Organizadores)**

**Guillermo Suárez Blázquez
Edson Alvisi Neves
(Directores)**

Instituciones político-jurídicas y desarrollo sostenible

Antón Lois Fernández Álvarez

Gilvan Luiz Hansen

Eder Fernandes Monica

(Organizadores)

Primera edición: junio 2018

© Derechos de edición reservados. Editorial Dykinson.

ISBN: 978-84-1324-143-2

© Antón Lois Fernández Álvarez, Gilvan Luiz Hansen y Eder Fernandes Monica.

Edición: Dykinson.

Fotografía de cubierta: www.freepik.es

Producido por: Congreso Euroamericano de Derecho e Política

Ninguna parte de esta publicación, incluido el diseño de cubierta, puede ser reproducida, almacenada o transmitida en manera alguna y por ningún medio, ya sea electrónico, químico, mecánico, óptico, de grabación, en Internet o de fotocopia, sin permiso previo del editor o del autor. Todos los derechos reservados.

«Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra sólo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley.

Directores de la Publicación

Guillermo Suárez Blázquez

Catedrático de Dereito Romano e Sistemas Xurídicos Comparados
Universidade de Vigo

Edson Alvisi Neves

Catedrático da Faculdade de Direito
Universidade Federal Fluminense

Comité científico

Ana Garriga Domínguez

Facultade de Dereito da Universidade de Vigo.

Ana Paula Almeida Brandão

Escola de Economía e Gestión da Universidade do Minho.

Alvaro Xosé López Mira

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

André Hacl Castro

Facultade de Dereito da Universidade Federal Fluminense.

Antón Lois Fernández Álvarez

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

Antonio Carlos Pereira Menaut

Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

Antonio Presedo Garazo

Facultade de Historia da Universidade de Vigo.

Argimiro Rojo Salgado

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.

Celso Cancela Outeda

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Clara Isabel Fernández Rodicio

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

Constantino Cordal Rodríguez

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

David Casado Neira

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

Eder Fernández Mónica

Facultade de Dereito da Universidade Federal Fluminense.

Edson Alvisi Neves

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Eduardo Manuel Val

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Enrique Xosé Varela Álvarez

Faculdade de Ciências Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Fernanda Franklin Seixas Arakaki

Faculdade de Ciências Gerenciais de Manhuaçu.

Fernanda Pontes Pimentel

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Gilvan Luiz Hansen

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Guillermo Suárez Blázquez

Faculdade de Dereito da Universidade de Vigo.

Isabel Estrada Carvalhais

Escola de Economia e Gestão da Universidade do Minho.

José António Passos Palmeira

Dpto. de Ciência Política e Relações Internacionais da Universidade do Minho.

Luís Rodríguez Ennes

Faculdade de Dereito da Universidade de Vigo (emérito).

María López Díaz

Faculdade de Historia da Universidade de Vigo.

Mónica López Viso

Faculdade de Ciências da Educación da Universidade de Vigo.

Rosa María Ricoy Casas

Faculdade de Ciências Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Sergio Gustavo de Mattos Pauseiro

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Sérvio Túlio Santos Vieira

Faculdade de Direito da Universidade Federal Fluminense.

Wladimir Brito

Escola de Direito da Universidade do Minho.

Xosé Mahou Lago

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Xulio Ríos Paredes

Presidente do IGADI.

El mayor problema para la especie humana, a cuya solución le fuerza la Naturaleza, es la instauración de una sociedad civil que administre universalmente el derecho. (Immanuel Kant, 1784)

Prólogo

Ás veces o evidente semella ser o que ofrece máis dúbidas, ou o que se ve como un camiño incerto ou mesmo rexeitable. Iso é o que acontece, dende o meu punto de vista, cos plantexamentos ou coas propostas de relación entre Galicia e os países de fala portuguesa, nomeadamente o Brasil.

É certo que a forza centrípeta que ten exercido Bruxelas a través dos diferentes instrumentos políticos e xurídicos, e especialmente económicos (a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER), obrigou a dirixir á ollada cara a Unión, e crear vías rápidas, alonxadas da pausa e paciencias do camiño de peregrinación medieval, dirixidas con urxencia á converxer. Nese proceso houbo extraordinarios avances, inimaxinables mesmo para os máis euroescépticos; pero tanta premura conlevou asumir custes moi elevados, ou poderíase dicir, moi profundos; tanto, que chegaron ata os lameiros transitados polos últimos carros, ata as redes, os barcos, o leite, as vacas, as vides, ata a alma.

Esa vis atractiva pola europeización, retroalimentada institucionalmente, foi crecendo e ampliando o seu espectro, abrindo o paso a unha globalización galopante, indiscutida, e aceptada acriticamente polo status quo. A tradución deste proceso no sistema educativo sintetízase na palabra “internacionalización”, que se asentou no vocabulario dos tecnócratas, fixándose como obxectivo principal e irrenunciable de calquera política educativa. Mais ese termo serviu, en non poucas ocasións, para teledirixir políticas lingüísticas, culturais e tamén económicas, cara ámbitos naturalmente forzados e, polo tanto, que nos levaban a facer xestos forzosos, a dar pinchagatos no campo unha e outra vez.

Ao tempo que a lingua galega está a retroceder no uso, minorizándose o seu emprego en todos os niveis do ensino, quéresenos converter en angloparlantes, aspirando a que o inglés sexa a lingua vehicular. Poñendo, pois, a mirada naqueles mercados.

Ese proceso, en si mesmo, non ofrecería problema ningún, se no fose porque, como se apuntaba máis arriba, ten un custe de oportunidade, pois os recursos son limitados. O custe de oportunidade é un virar as costas ao eixo lusófono, e moi particularmente ao Brasil. Tense dito en moitas ocasións que Galicia é un país periférico, pero iso supón unha ollada simplista, reducionista, e ata miope.

Claro, todo depende dos lentes con que se mire. Galicia é centralidade para quen saiba equilibrar a súa ollada, mobilizar o seu pescozo, e empregar en toda a súa extensión ás facultades de amplitude de xiro que ofrece a articular humana.

Sen deixar de mirar a Europa, eu diría que afondando nese ollar, é preciso nun xiro de 180 graos, mantendo o eixo no mesmo punto de apoio, en territorio galego, mirar con certa altura de miras a todo un continente cheo de posibilidades como é

o Brasil, e cada unha das súas decenas de capitais. Únenos unha lingua (e todo o que iso conleva), un océano, o Atlántico, unha relación privilexiada con Portugal, e moitos intereses comúns dos que ambos polos podemos sacar proveito. Pero en todo caso, únenos algo natural.

O Congreso Euroamericano de Dereito e Política materializa o evidente, velaí a súa grande virtude, e por tanto, a dos seus creadores e organizadores. Xoga unha sorte de achega de bois entre Europa, a través do Campus de Ourense da Universidade de Vigo (UVigo), e o Brasil, máis en concreto, Nitéroí, a través da Universidade Federal Fluminense (UFF), constituíndose nun foro onde o debate flúe con naturalidade entre investigadores e investigadoras de aquí e de acolá, sobre temas relativos á actualidade e historia política, institucións xurídicas, conflitos sociais, problemas medioambientais, sobre desenvolvemento e sustentabilidade, sobre os dezasete obxectivos da UNESCO e as realidades de países diversos e distantes, os retos dos Dereito Humanos, sempre en perigo e nunca suficientemente protexidos, sobre dous continentes e as súas áreas de influencia. E todo se leva a cabo aquí, en Galicia, nun terreo neutro, sen embargo, non neutral.

Eu quixera agradecer, xa que logo, ao Comité Organizador deste II Congreso Euroamericano por todo o traballo realizado durante tantos meses para que a celebración desta edición fose un éxito, ata o punto de superar aquela primeira.

Ao Comité Científico polo labor de revisión e selección de todas as comunicacións entre todas as recibidas, o que nos permite contar cun libro de actas de enorme nivel e valor coma este. A todas e todos os investigadores que decidiron enviar os seus estudos e investigacións a este congreso e, finalmente, preparamas para que poidan ver a luz neste texto, do que tantos e tanto imos aprender.

Ás institucións que fan posible este Congreso e a publicación destas actas cun especial recoñecemento á Universidade de Vigo, a través do Campus de Ourense-Campus da Auga, ao que represento, e á Universidade Federal Fluminense, situada no Estado do Río de Janeiro, no municipio de Nitéroí, por ser o pilar firme, doutro lado do Atlántico, que estivo e está a turrar dos cables que permitan erguer esta ponte necesaria para o noso futuro.

En Ourense, a 28 de maio de 2018

Virxilio Rodríguez Vázquez

Vicerreitor do Campus de Ourense-Campus da Auga
Universidade de Vigo

Índice

Prólogo

10-11

Parte I. Política e instituciones

19-104

Política y ciencia política: los retos de gobernabilidad de las sociedades actuales

Argimiro Rojo Salgado

20-35

Política, ciencia política y escuela de gobierno

Paloma Román Marugán

36-42

Sobre contextos, transplantes de modelos e ficções ou mitos institucionais nas relações entre a União Européia e o Mercosul

Eduardo Manuel Val

43-48

O imperativo categórico do centralismo no modelo territorial español

Álvaro Xosé López Mira

49-62

As institucións político-jurídicas ante as exigências do desenvolvemento sustentábel

Gilvan Luiz Hansen

63-69

Una mirada europea a la integración latinoamericana en la actualidad

Celso Cancela Outeda

70-85

Los derechos civiles: tendencias en la investigación mundial

Antón Lois Fernández Álvarez; Esther M. Salmerón-Manzano

86-104

Parte 2. Economía, trabajo y desarrollo sostenible

105-262

La cooperación como herramienta para un nuevo modelo de crecimiento económico inteligente en la eurrregión Galicia-Norte de Portugal: hacia una década perdida

Bruno González Cacheda

106-122

Economía circular como una nova forma de conciliação entre a livre iniciativa e o estado de bem estar social no Brasil e em Portugal

Eduardo Manuel Val, Wilson Tadeu de Carvalho Eccard y Wilson Danilo de Carvalho Eccard
123-137

Conflicto Pandillas–Estado. Consecuencias en el desarrollo local de El Salvador

Kevin Alberto Martínez Reyes; José Javier Navarro Pérez; Francesc Xavier Uceda i Maza
138-152

Reconceptualizar para avanzar. Trabajo social y educación social como disciplinas transformadoras en el campo de la economía social y solidaria

Alexandre Alonso Carnicero; Sara Martínez-Carrera
153-164

El contexto globalizador capitalista: apostando por un trabajo social marxista

Ana Belén Méndez Fernández; José Ignacio Salazar Bernard; Evelia Murcia Álvarez
165-179

Dentro de la administración y al lado (¿o enfrente?) de las personas usuarias. Trabajo social: una lectura desde la teoría de la implementación

Xoán Lombardero Posada; José Javier Navarro Pérez
180-190

Trabajando la sostenibilidad en la formación inicial del profesorado. Un programa multidisciplinar con RAEE

M^a Isabel Doval-Ruiz; M^a Esther Martínez-Figueira; Manuela Raposo-Rivas
191-202

La economía del bien común: puntos clave y aportaciones al trabajo social

Evelia Murcia Álvarez; Francisco Xabier Aguiar Fernández; Ana Belén Méndez Fernández
203-214

Trabajo social crítico y comprometido desde la responsabilidad social universitaria con metodología aprendizaje-servicio desde el territorio próximo

Mercedes Botija; José Javier Navarro-Pérez; Ángela Carbonell Marqués
215-228

La consolidación del derecho al agua. Estudio del caso brasileño

Germana Aguiar Ribeiro do Nascimento; María Vallés González
229-240

Ética Empresarial e Compliance à luz do Estado Democrático de Direito

Clodomiro José Bannwart Júnior.
241-254

Emprego e economia sustentável. Uma revisão desde as teorias económicas

Antón Lois Fernandez Alvarez; Andréia Almeida Mendes; Fernanda Franklin Seixas Arakaki; Leônidas Meireles Mansur Muniz de Oliveira
255-262

Parte 3. Política, estado y democracia

263-446

El delito de financiación ilegal de los partidos políticos en el Código Penal Español

Natalia Pérez Rivas
264-277

El pueblo y la ley: la reelección como conflicto en Ecuador, Paraguay y Bolivia (2016-2018)

Mariana S. Leone; Eduardo Tamayo Belda; Gonzalo Vitón
278-299

TICS y democracia: situación actual y retos futuros

Nuria Rodríguez-López; M. Eva Diz-Comesaña
300-312

Democracia procedimental deliberativa no estado regulador brasileiro

Pedro Henrique de Paula Morais; Marcella da Costa Moreira de Paiva
313-325

Democracia, estado de direito e Administração Pública: o desafio brasileiro

Gilvan Luiz Hansen; Sérgio Túlio Santos Vieira
326-343

Controle de convencionalidade na garantia de direitos fundamentais no Brasil – análise da jurisprudência da Corte Interamericana de Direitos Humanos

Alice do Rêgo Monteiro Frazão; Carolina de Carvalho Byrro; Sérgio Gustavo de Mattos Pauseiro
344-359

Captura no setor de saúde suplementar brasileiro: uma perspectiva polissêmica e empírica

Edson Alvisi Neves; Pedro Fortes; Eduardo Chow Martino Tostes
360-372

A proteção brasileira dos menores refugiados: um legado humanitário no Estado Democrático de Direito

Ana Paula da Silva Sotero; Thaíse Ribeiro Santos Lima; Luciano de Oliveira Souza Tourinho
373-388

A evolución do estado autonómico. Da descentralización asimétrica á recentralización uniformista

Constantino Cordal Rodríguez
389-404

Diálogo de Cortes constitucionais como elemento norteador da adoção de tutelas voltadas ao desenvolvimento sustentável e eficiência das instituições jurídicas e políticas

Luis Renato Ribeiro Pereira de Almeida; Gleison Heringer Vieira Domingues; Isabela Alves Daudt
405-418

O conflito entre a liberdade religiosa, o poder estatal e o fenômeno das migrações de refugiados no Brasil

Sabrina de Cássia Arantes Moreira Leite; Sérgio Gustavo de Mattos Pauseiro
419-437

O direito ao esquecimento na modernidade: matizes e controvérsias

Gilvan Luiz Hansen; Maria Alice Marques da Fonseca; João Victor Santilli
438-446

Parte 4. Cooperación internacional y resolución de conflictos

447-582

Justicia restaurativa: métodos alternativos de abordaje y resolución de conflictos

Isabel Alonso Rodríguez; Martha Frías Armenta
448-460

Justiça restaurativa como mecanismo de solução de conflitos na área criminal-ambiental: a efetividade do direito transnacional do meio ambiente

Ana Paula da Silva Sotero; Thaíse Ribeiro Santos Lima; Luciano de Oliveira Souza Tourinho
461-476

Efecto de la mediación familiar: produce bienestar y previene los conflictos

María Milagros Armas Arráez
477-489

¿Hacia dónde va la cooperación Sur-Sur brasileña? Apogeo y crisis de un modelo alternativo para el desarrollo

Diego Sebastián Crescentino
490-503

Análise sobre a dificuldade de amar o próximo mediante a perspectiva de Zygmunt Bauman sobre conflitos

Charles da Silva Nocceli; Anna Carolina Cunha Pinto; Marcella da Costa Moreira de Paiva
504-518

Direito comparado em matéria urbanística: busca de pragmatismo metodológico na interseção científica

Mariana Devezas Rodrigues Murias de Menezes; Mario Augusto M. de Menezes Jr
519-534

A arbitragem de investimento e as peculiaridades do ICSID: uma visão em torno da proteção dos direitos fundamentais

Beatriz Bazaglia Sanches; Maria Eduarda Garcia Gagliardi; Marcella da Costa Moreira de Paiva
535-551

Impacto social de la mediación comunitaria

M^a Milagros Armas Arráez; Isabel Alonso Rodríguez
552-562

Justiça restaurativa ambiental e participação cidadã: a construção do diálogo internacional para a proteção do meio ambiente

Ana Paula da Silva Sotero; Larissa Magalhães Aguiar; Luciano de Oliveira Souza Tourinho
563-578

Educando en la prevención de conflictos y violencia escolar

Isabel Alonso Rodríguez; Martha Frías Armenta; Jennifer Espinoza; María Milagros Armas Arráez
579-582

Parte 5. Género y sexualidad

583-706

La complementariedad heterosexual en “Los n° 1 de 40 principales 2016”

Lorena Costas Caride; María Victoria Carrera-Fernández
584-599

Análisis del fenómeno del sexting desde la perspectiva de género

Patricia Alonso-Ruido; Yolanda Rodríguez-Castro; Rosana Martínez-Román
600-610

“Los chicos tienen que besar a las chicas y casarse”: discursos de niños y niñas de educación infantil sobre la homosexualidad

Nuria Álvarez-Rodríguez; María Victoria Carrera-Fernández; Xosé Manuel Cid Fernández

611-623

Piropos sobre la apariencia física y el cuerpo sexuado: ¿se disfruta o se rechazan?

Raquel Lois Gómez; María Lameiras Fernández; Yolanda Rodríguez Castro

624-637

A diversidade sexual nas aulas: homofobia e transfobia

Cristina Piñeiro Rial; Clara Isabel Fernández Rodicio

638-654

Agresiones sexuales hacia las mujeres: vieja trampa del patriarcado

Rosana Martínez Román; Yolanda Rodríguez Castro; Patricia Alonso Ruido

655-667

A modernidade ilustrada e o patriarcado dos dereitos. Avances e perspectiva crítica sobre a igualdade

Xosé Manuel Pacho Blanco

668-680

As casas de abrigo feministas em Portugal: a perspectiva da equipe técnica

Yolanda Rodríguez-Castro; María Jose Magalhães; Patricia Alonso-Ruido

681-695

Otras violencias de género en la adolescencia: aportaciones de la pedagogía QUEER

María Victoria Carrera-Fernández; Xosé Manuel Cid-Fernández; Antonio González-Fernández

696-706

Parte 6. Educación, familia y infancia

707-850

El matrimonio y la familia en las Etymologiae de Isidoro de Sevilla

Alejo Manuel Diz Franco

708-723

La adopción como beneficio social

Leopoldo Cadaya Vidal

724-736

El sistema de protección de menores: una aproximación al estudio desde el servicio de familia y menores de Ourense

M^a Isabel da Costa Fernández

737-756

La importancia de la competencia social en jóvenes que cumplen medida judicial educativa en medio abierto

Noelia García Ferreiro; Clara Isabel Fernández Rodicio

757-763

La psicología del testimonio en menores

María Milagros Armas Arraéz

764-773

La situación de las madres en prisión con hijos menores de edad

Clara Isabel Fernández Rodicio; Leopoldo Cadaya-Vidal; Marcella Da Costa Moreira Paiva

774-780

Qué entienden las Universidades públicas españolas por enseñanza no presencial: aproximación al estudio los Másteres online

Mónica López-Viso; Xosé-M^a Mahou-Lago; Enrique-José Varela-Álvarez; Sonia Álvarez López

781-792

Estilos educativos familiares como factor de riesgo en jóvenes con medida judicial

Noelia García Ferreiro; Clara Isabel Fernández Rodicio

793-800

Aprendizaje y desarrollo sostenible en espacios físicos de centros educativos desde la óptica de alumnado de primaria

Santiago Eduardo Pato Rodríguez

801-814

Educación para el desarrollo sostenible: una dinámica de transformación

Sara Martínez-Carrera; Alexandre Alonso Carnicero; Isabel Martínez Carrera

815-827

Judicialização da educação brasileira

Isabela Alves Daudt; Luis Renato Ribeiro Pereira de Almeida; Gleison Heringer Vieira Domingues

828-839

La educación como cimiento del desarrollo sostenible

Leopoldo Cadaya Vidal

840-850

O imperativo categórico do centralismo no modelo territorial español

Álvaro Xosé López Mira

Universidade de Vigo (Galiza, España)

almira@uvigo.es

I. Algunhas leccións da historia

Na segunda metade do século XV o príncipe que, probablemente, serviu de modelo inspirador a Maquiavelo, Fernando rei de Aragón, derrotou á nobreza feudal galega que apoiara, xunto co rei de Portugal Afonso V, a Xoana, pretendente lexítima ao trono de Castela, quen perdeu os seus dereitos pola forza das armas diante da súa tía Isabel, consorte do monarca aragonés, os con posterioridade alcumados como Reis Católicos. O cronista oficial da época, Jerónimo Zurita, escribiu una instrución real na que falaba da necesidade da *doma e castración do Reino de Galicia*. O que fora primeiro reino independente do poder musulmán na península ibérica que logo daría lugar á fundación de outros: León, Portugal..., iniciaría un proceso de despersonalización e sometemento ás directrices dos novos gobernantes casteláns que duraría catro séculos (os coñecidos como *séculos escuros*).

Pouco antes de 1640, o todo poderoso valido do mozo rei Felipe IV, o conde-duque de Olivares emitiu o seguinte famoso memorial dirixido ao monarca, o penúltimo dos Habsburgo que foi un auténtico rei planetario da súa contemporaneidade:

Tenga V.M por el negocio más importante de su Monarquía el hacerse rey de España; quiero decir, Señor, que no se contente V.M con ser Rey de Portugal, de Aragón, de Valencia, conde de Barcelona, sino que trabaje con consejo mudado y secreto, por reducir estos reinos de que se compone España al estilo y leyes de Castilla, sin ninguna diferencia, que, si V.M. lo alcanza, será el Príncipe más poderoso de la tierra.

Portugueses e cataláns declaráronlle a guerra por parecidos motivos; os segundos perderon (e tamén parte do seu territorio a mans de Francia) e os primeiros conqueriron a súa independencia despois dun longo conflito. A decadencia imperial hispánica xa sería imparable e acelerada de aquí en diante, a frustración permanente e unha parte (España) tomou o nome do todo (Hispania) que, historicamente, fora a península ibérica.

Uns anos despois da guerra de sucesión pola vacante coroa española (1700-1713), instaurouse unha nova dinastía, a dos Borbóns, que activou o sometemento dos diferentes reinos da monarquía ao de Castela, especialmente o daqueles que apoiaran ao outro pretendente ao trono: en Valencia, Aragón, Illas Baleares e Cataluña (en xeral, os territorios da vella coroa de Aragón) suprimíronse os seus ancestrais foros e dereitos, elimináronse as súas propias institucións e prohibiuse o uso do catalán nos documentos oficiais e mesmo eliminouse a Universidade de

Barcelona (a dureza foi maior con Cataluña xa que resistiu ata o final da contenda). A dinastía borbónica intensificou o modelo centralizador e uniformador que comezaran os Austrias; nalgún lugar escribín, un pouco metaforicamente, que foron os franceses os que crearon España. Obsérvese o asombroso parecido que existe entre a instrución de Olivares e os Decretos de Nova Planta promulgados polo novo rei Felipe V que abolen os foros de Aragón e Valencia:

Considerando haber perdido los Reinos de Aragón y de Valencia, y todos sus habitantes por la rebelión que cometieron (...) todos sus fueros, privilegios, exenciones y libertades que gozaban (...) y tocándome el dominio absoluto de los referidos reinos de Aragón y de Valencia, pues a la circunstancia de ser comprendidos en los demás que tan legítimamente poseo en esta Monarquía, se añade ahora la del justo derecho de la conquista que de ellos han hecho últimamente mis Armas (...). He juzgado conveniente (así por esto como por mi deseo de reducir todos mis reinos de España a la uniformidad de unas mismas leyes, usos, costumbres y Tribunales, gobernándose igualmente todos por las leyes de Castilla tan loables y pausibles en todo el Universo) abolir y derogar enteramente, como desde luego doy por abolidos y derogados, todos los referidos fueros, privilegios, práctica y costumbre hasta aquí observadas en los referidos reinos de Aragón y Valencia; siendo mi voluntad que éstos se reduzcan a las leyes de Castilla, y al uso, práctica y forma de gobierno que se tiene y ha tenido en ella y en sus Tribunales sin diferencia alguna en nada.

Como sinala Aguilera de Prat (2018), non será ata a Constitución gaditana de 1812 cando se poida comezar a falar de nación española no sentido político moderno, e incluso resulta dubidoso que existise un Estado propiamente dito que non fose meramente epidérmico e non un país politicamente desarticulado como indica Torres del Moral (1988). O século XIX español está traspasado por tres guerras civís, as chamadas guerras carlistas (1833-40; 1846-49; 1872-76), nas que os territorios vascos e navarros, principalmente, enfrontáronse á monarquía por distintos motivos, entre eles os dinásticos, pero tamén por conservar os seus privilexios e libertades (foros) que o liberalismo decimonónico, xacobino a ultranza, pretendía abolir; por poñer un só exemplo, cómpre salientar que Navarra tivo parlamento propio ata 1839, preto do remate da primeira guerra carlista.

O proxecto de Constitución federal de 1873 non chegou a ver a luz por mor dun triunfante pronunciamento militar. Contra o remate deste século o nacionalismo unívoco español tivo unha nova oportunidade de manter os últimos territorios de ultramar que conservaba e que deu paso ao trauma do 98, cando Antonio Maura proxectou unha sorte de estatutos de autonomía para Cuba e Puerto Rico en 1893 coa finalidade de evitar a súa definitiva independencia. Malia a lenidade dos textos no seu nivel de autogoberno, o ministro de Ultramar sería acusado pola oposición parlamentaria de “antipatriota, beodo, energúmeno y loco furioso” (Piña, 2003. p.158); o rexeite da prensa peninsular terminou de convencer aos cubanos de que non había nada que esperar de España (Piña, p.160), en 1894 Maura dimitiu e en 1896 pronunciaría en debate parlamentario as seguintes palabras, con amargura polo frustración con toda a clase política española: “¿Por qué hemos fracasado, antes, en 1868, con el régimen militar autoritario? ¿Por qué hemos fracasado en 1895 con el régimen imperante? Pues porque hemos exagerado

extraordinariamente la asimilación, violando la ley natural, ofendiendo a la realidad, creando para Cuba un ropaje que para todas las costuras le molestaba” (Piña, pp.160-161). Ignorando o contexto histórico e a linguaxe algo ampulosamente decimonónica, non sorprendería escoitar a un primeiro ministro español, con sentido común, en 2017 ou 2018 expresando similares asertos diante de semellantes protagonistas. Dous anos despois, Cuba e outras colonias accedían á súa independencia e como sinalou anos despois o líder da insurrección cubana, Máximo Gómez, “las reformas por Maura preconizadas, hubieran podido evitar, sino la independencia de las provincias antillanas, al menos el drama de la guerra” (Piña, p.160).

Os rexurdimentos rexionalistas catalán, vasco e galego no tránsito de século, adquirindo expresión, por exemplo, a través das mancomunidades interprovinciais (a única efectivamente constituída foi a catalá), sempre construídas dentro do marco do réxime xurídico español, foron combatidos como auténticas ameazas para a unidade estatal e serían liquidadas, nos estertores do réxime restauracionista pola primeira ditadura militar do século XX español. Na segunda, atrocemente sanguinaria e desmesuradamente duradeira, o ideólogo fundamental na xustificación da rebelión militar contra a legalidade republicana (que incluía as autonomías políticas catalá, vasca e galega), Calvo Sotelo, proclamou un dos motivos esgrimidos polos xenerais rebeldes, con certeza o principal, de que prefería *antes una España roja que una España rota*.

Corenta anos despois dunha cruenta guerra civil que buscou a exterminación do adversario, en palabras de Paul Preston (1997), e dunha violenta e interminable ditadura de catro décadas, o mapa electoral español debuxado en 1977 posuía unha extraordinaria semellanza co de 1936 e aí os nacionalismos defensivos¹ periféricos, novamente, reapareceron no sempre inacabado proceso de *nation-building* hispánico, reivindicando un modelo de autogoberno que respectase as diferenzas de cultura, idioma, historia, economía e incluso dereito (civil, por exemplo), etc. que dotaban a determinados territorios do Estado dunha idiosincrasia singular e distinta da maioritaria. Dúas constantes: reivindicación do diferencialismo nos breves períodos históricos nos que se dota aos cidadáns de liberdades políticas e constante intervención do exército como árbitro dunha política que, entre outros elementos, coartasen a devandita petición de autonomía, chegan a unha encrucillada decisiva no período da transición e a constitución emanada no mesmo. Esa reclamación de identidade propia por parte de, sobre todo, vascos e cataláns e, en menor medida, galegos, e non a xenerosidade dun Estado central, de forte impronta xacobina na totalidade do seu arco ideolóxico, foi o motivo de que en 1978 se instaurase un proxecto de modelo de descentralización territorial do poder que se acabou denominando Estado autonómico.

¹ Como temos sinalado, unha taxonomía conceptual clave entre nacionalismos é a que distingue entre os que reivindicán a dignidade nacional para comunidades dalgún xeito sometidas e os expansionistas que pretenden impor a superioridade dunha nación, comunidade, estado o formación política (García Pérez & López Mira, 1996, p. 11).

2. Camiño aberto, camiño pechado ou de como é posible negar a evidencia

A Constitución de 1978 abriu posibilidades de mutar un xacobinismo conxénito reforzado por unha longa ditadura nacional católica que reprimiu durante xeracións calquera signo diferencialista do nacionalismo español a ultranza, propiciando un auténtico xenocidio cultural nas restantes nacións do Estado. Aínda moi vitais a catalá e a vasca, o seu electorado apoiou maioritariamente, opcións políticas de nesgo nacionalista que orixinaron un pacto constitucional proclive á descentralización política, fundamentalmente, neses territorios e abrindo tamén as opcións galega (incluída na disposición transitoria segunda) e navarra (citada na disposición transitoria cuarta) por motivos basicamente historicistas, conformando o grupo que posuiría poder lexislativo propio (como se induce do 152.1). Malia fuxir espaventadas e incomprendiblemente da opción federalista, as elites políticas, económicas e mediáticas do Estado estableceron un punto de inflexión nos avances descentralizadores do poder político. Feitos como o denominado *Estatuto da aldraxe* en Galicia que pretendía reducir as súas competencias a unha segunda división rexionalizadora, salvado en última instancia pola intervención directa de Adolfo Suárez no verán de 1980 poucos meses antes da súa dimisión, poden considerarse o comezo dunha recentralización que incluíría desde sentencias do Tribunal Constitucional *inventándose* o seu propio Estado autonómico² cunha clara invasión de competencias exclusivas das Comunidades³ case desde o seu nacemento ata a uniformizadora LOHAPA de xullo de 1982, pasando polo intento de golpe de Estado do 23 de febreiro de 1981 ou o uso da arma arreboladiza do *café para todos* por parte das instancias centrais do poder político, creando artificiosos competidores a unhas nacionalidades históricas preexistentes á Constitución (segundo o propio bloque da constitucionalidade) e que por algo subsistían,... En fin, todo un comezo para un permanente desgaste que ignoraría a posibilidade dun pacto político de alcance (como foi o constitucional) polo reparto territorial do poder.

Corenta anos despois parece que o modelo resultou fallido e semella que estamos nun retorno a aqueles inicios, senón algo peor. Como afirma Jörg Broschek (2017, p. 52), España “continúa sendo un Estado unitario”, entre outras razóns, porque actores políticos clave son férreos detractores do federalismo. O que podería ter evoluído cara a un modelo de transformación dun Estado unitario nun Estado federal, caso de Bélxica, só estableceu a descentralización como un mal necesario -literalmente, un *problema*- do que cumpría desconfiar, pero sempre matizándoa e introducindo distorsións na mesma. Na práctica o denominado Estado autonómico construíuse con base en centos de sentencias dun Tribunal

² Esta denominación non existe na Constitución.

³ Abonde como exemplo a temperá sentenza 32/1981 que frea a creación das comarcas como entidades locais propias de Cataluña en substitución das provincias e os seus órganos de goberno e administración, as deputacións provinciais (logo desaparecidas nas Comunidades Autónomas uniprovinciais), que enceta un prolongado percorrido de desmesurada extensión das bases estatais a conta de competencias pretendidamente exclusivas das Comunidades. Neste caso o Tribunal *creou*, nun alarde imaxinativo dubidosamente constitucional, o que denominou réxime local *bifronte*.

Constitucional cujos membros son designados, exclusivamente, por instancias centrais do Estado (e tras delas os partidos estatistas ou defensores do centro en terminoloxía de Rokkan), a diferenza dos modelos federais como o alemán ou mesmo dos precedentes históricos españois (Segunda República), o que lle outorga *aborigine* un nesgo de parcialidade a un árbitro que, ademais, foi transformado en arquitecto por unha clase política remisa á negociación e instigadora de que outras institucións solucionasen aspectos de fondo calado intrinsecamente político⁴, non xudicial ou arbitral. Esa mesma práctica baleirou competencias exclusivas autonómicas a través de diversos mecanismos: desde a cesión das mesmas aos órganos comunitarios europeos (onde case a única instancia representativa é o Estado central), ata perversións da lexislación básica do Estado, que acadou unha extensión desmesurada reducindo numerosas competencias -insistimos, exclusivas das Comunidades Autónomas- ao simple rango de execución das directrices de Madrid (a duplicidade orgánica e competencial é máis responsabilidade do Estado que das CC.AA.), pasando por un modelo de financiamento que fuxía do federalismo fiscal, reducindo considerablemente unha autonomía política dependente, na maior parte dos seus recursos orzamentarios, de cesións do Estado e non obténdoo mediante ingresos propios, coas sabidas excepcións das facendas forais vascas e navarra.

Hai quince anos intentamos sistematizar os elementos distorsionantes máis salientables que observabamos no modelo descentralizador implementado tras vinte cinco anos de vixencia do mesmo, indicando que se trataba, xa daquela, dunha mala solución organizativa para un problema político que, dalgunha maneira, anunciaba a súa previsible exacerbación (López Mira, 2003-2004). Sinalábase naquel artigo desde o mencionado rol do Tribunal Constitucional, ata o unánime recoñecemento dun Senado que non desenvolve o seu papel de cámara de representación territorial, un poder xudicial absolutamente centralizado, a citada dependencia financeira das Comunidades Autónomas, o relatado vaciamiento competencial, etc., desembocaron nunha fonda insatisfacción por parte das nacionalidades diferenciadas para as que orixinariamente fora creado. Lamentablemente, o actual conflito territorial resultaba máis ca previsible de non adoptarse, como propoñíamos, unha solución autenticamente federal, con recoñecemento da plurinacionalidade do Estado, cunha cámara de representación territorial con potestades desa índole, un Tribunal Constitucional de designación equitativa entre as nacionalidades e os órganos centrais, unhas constitucións dos estados membros que eles mesmo puidesen reformar sempre que respectasen as directrices da Constitución federal, federalismo fiscal, federalización do poder xudicial e capacidade de intervención nos asuntos europeos ou unha maior transparencia no reparto de competencias, parecían elementos que permitirían un pacto federal de alcance, polo menos a nivel instrumental (cousa distinta sería a creación dunha cultura federal, como diremos máis adiante).

No noso criterio resultaba unha proposta moderada e adaptada á maioría dos

⁴ En idéntico sentido escribía Agustín Ruiz Robledo (2003-2004, p. 723) hai uns anos.

modelos federais máis vitais, nos que existe, en verbas de Félix Knuepling, malia a diversidade dos mesmos, “una inequívoca división de los poderes y de las responsabilidades entre los órdenes de gobierno”, nos que, en xeral, os gobernos federais teñen poderes e funcións exclusivos en áreas como seguridade nacional, relacións exteriores, sistema monetario, comercio exterior, cidadanía, inmigración, emigración e extradición ou protección da propiedade intelectual. Resulta non pouco chamativo e ata paradoxal que os distintos gobernos centrais da Unión Europea, incluído español, non tivesen o menor rubor en trasladar a maioría dos elementos citados -tan propios das clásicas soberanías estatais- a aquela (ou a outros organismos internacionais ou transnacionais, como a OTAN, ou non-organismos como a Troika) e, sen embargo, fosen reticentes á descentralización interna salvo que nacesen como federacións, como unha especie de neowestfalianos *ad intra* que intentasen compensar as devanditas perdas de soberanía no proceso de integración federalizante europeo. O mesmo autor sinala que os gobernos das unidades constitutivas soen ter competencias en áreas como tribunais rexionais e metropolitanos, servizos públicos, policía e seguridade pública, infraestrutura estatal e local, sanidade, educación, administración e aplicación de leis e programas estatais, entre outros, o cal nos fai albiscar o fondo vaciametocompetencial que existe no caso español.

A estes elementos cabería engadirlle a escasa sensibilidade autonomista amosada polos partidos maioritarios de ámbito estatal, por non falar dun mal talante, dunha mala actitude, cara a todos aqueles aspectos que fagan notar diferenzas coa cultura e a lingua oficiais en todo o Estado. O núcleo da cuestión non estriba tanto en cuestións de mero Dereito administrativo como parecen crer ata reputados académicos e expertos das elites madrileñas; non se trata dunha simple descentralización territorial, senón dun tema de fondo calado político, polo que o formalismo xurídico de reforma -mesmo constitucional- de instrumentos e ferramentas federalizantes, probablemente, resultaría insuficiente.

Se no Estado español subsisten varias nacións (políticas, non só culturais) haberá que recoñecer ese feito ou, alomenos, falalo, negocialo aínda que non se comparta; diso trata a política democrática. Simplificar o problema co desprezo do que se considera diferente (os insultos cara aos nacionalismos periféricos son irresponsablemente frecuentes), non o vai solucionar por moito que o encirren todos os conglomerados económicos, financeiros, mediáticos deportivos ou meramente corporativos (corpos de seguridade, sindicatos, colexios profesionais...) que consideran que se verían prexudicados se houberse máis dunha nación española co seu idioma e a súa idiosincrasia -tópica non poucas veces- única. Pola contra, estamos a comprobar como os prexuízos máis diversos (mesmo se fala de baixada do PIB do Estado por culpa de Cataluña) estanse provocando pola razón oposta. Como ten posto de manifesto HerreraYagüe (2018), España é hoxe máis desigual que en 1978 tanto en termos de PIB como de coeficiente Gini, sendo Madrid a grande beneficiada por mor da centralización da actividade económica, maior que

no franquismo⁵. Ademais, a experiencia histórica e comparada demostra que, xustamente, pode fomentarse -estase fomentando- un resultado antagónico ao que se pretende; péñese no asombroso, por rápido, avance das tendencias independentistas no seo da cidadanía catalá, singularmente desde a sentenza constitucional de 2010 contraria a un Estatuto de Autonomía plebiscitado afirmativamente por ela.

3. Quovadis? O camiño cara a ningures ou a peor das eleccións posible

Quince anos despois daquel artigo premonitorio, non podiamos agoirar que a recalitrante continuidade do esquema orixinario desembocaría nun potente movemento político centrífugo en Cataluña que mesmo está poñendo en cuestión a actual permanencia territorial do Estado español. O narcótico antifederalista que supuxo o modelo autonómico perdeu os seus efectos e o choque de nacionalismos pode, nesta altura (ano 2018), facer inviable o tránsito por unha solución federal *á española*, pois cómpre non esquecer que non hai un modelo unívoco de federalismo, senón tantos, polo menos, como Estados federais existen.

Nesta liña temos publicado recentemente un novo artigo orientado a analizar de xeito actualizado unha cuestión (López Mira, 2018) cada vez máis enquistada e que, probablemente, dependa xa menos de mecanismos instrumentais como os que citabamos anteriormente (sendo istos imprescindibles, mesmo tamén a nivel simbólico) e máis de elementos de negociación política de altura, necesarios en calquera pacto federal, pero substanciais en situacións de confrontación con visos de irracionalidade. Como aí sinalamos, a reivindicación diferencialista de determinados territorios en España non constitúe unha anomalía nos tempos da mundialización; pola contra, como xa hai vinte anos indicaba Castells, fomentou a eclosión de identidades locais sempre latentes mesmo en democracias consolidadas (Canadá, Reino Unido, Bélxica ou, máis recentemente, a propia Francia co caso corso), empregando mecanismos democráticos, é dicir, a vontade plebiscitaria manifestada elección tras elección de cadansúas cidadanías rexionais. Seméllanos o contexto idóneo para defender un federalismo que implementase unha fórmula aceptable para os protagonistas do *cleavage* centro-periferia tan persistente na historia como reverdecido no século XXI que protagoniza o interminable e inacabado proceso de *Statebuilding* español. Como antes vimos, a maioría das elites políticas, funcionarias, mediáticas ou económicas son proclives insitamente á recentralización que exerceron sempre que tiveron ocasión, eis polo que se acabou configurando un modelo no que, como afirma González Mariñas (2018, p.47), as competencias da maioría das Comunidades Autónomas (lembremos a cita excepción fiscal vasca e navarra) son numerosas en canto executivas, pero sumamente avaras no verdadeiro *decision-making* e moi desvirtuadas por técnicas normativas en mans do poder central, nada concordes cuns modelos federalistas que, por esencia, son

⁵ Vai alén do anecdótico o feito, subliñado polo autor, de que Mercamadrid sexa a segunda lonxa de peixes e mariscos, despois de Tokio, malia a toparse a centos de quilómetros do mar.

paccionados. As técnicas legislativas invasivas substraen poder real de decisión ás Comunidades Autónomas, polo que só lle restan, en grande medida, competencias de execución propias da mera descentralización administrativa. As constantes tendencias centrípetas non lograron máis que acentuar as centrífugas.

Nesta mesma liña, Ferrán Requejo (2007, pp.131-132) ten sinalado o feito de que o modelo autonómico español permitiu outorgar case un cheque en branco ao poder central na interpretación de cuestións fundamentais para o autogoberno como os límites das súas propias competencias, os da lexislación básica detallada ata baleirar de contido o desenvolvemento lexislativo que poidan facer as Comunidades Autónomas (función pública, universidades, réxime local...), unha interpretación uniformizadora das garantías dos dereitos dos cidadáns e do contido das leis orgánicas (electoral, de referendo...) ou unha interpretación expansiva das funcións administrativas ou de execución (Requejo, p.132). “De esta maneira, en la práctica, el autogobierno queda a veces reducido a ámbitos meramente intersticiales y marginales (...). El modelo autonómico ha devenido en uniformista en prácticamente todos los ámbitos relevantes del autogobierno (educación, sanidad, función pública, régimen local, universidades, investigación, comercio, etc.). Una cuestión que es especialmente grave en el caso de Cataluña y el País Vasco, atendiendo a la clara voluntad que buena parte de los ciudadanos de dichas colectividades ha mostrado por disponer de un amplio autogobierno (...). No es algo políticamente anecdótico que el mismo Tribunal Constitucional haya recordado en varias ocasiones que la imprecisión constitucional no permite declarar inconstitucional buena parte de las decisiones del poder central, a pesar de su carácter notoriamente expansivo” (Requejo, p.132.). Aínda que tamén se podería afirmar o contrario se o Alto Tribunal tivese unha pulsión antitética á exposta por Requejo, polo que non cabería dicir que se atopase a desgusto, convertendo en poderes explícitos do centro a ambigüidade constitucional.

E é que tal e como indica un autor de referencia na materia como Elazar, “la no centralización no es lo mismo que la descentralización (...). La descentralización implica la existencia de un gobierno central, que puede repartir funciones o áreas según considere oportuno. En los sistemas descentralizados, la difusión del poder es materia de gracia, no de derecho, y en la práctica, antes o después es considerada como tal” (Elazar, p.59) Nos sistemas federais clásicos (Estados Unidos, Canadá, Suíza), de sistema non centralizado, aínda que “todos poseen un gobierno central o nacional, este no controla todas las líneas de comunicación política y de toma de decisiones. En estos países, las provincias, estados, o cantones, no son criaturas del gobierno federal, sino que reciben el poder directamente del pueblo. Son estructuralmente inmunes a las interferencias federales” (Elazar, p.59). A non centralización vén representada mediante unha matriz de gobernos (non unha pirámide máis ou menos xerarquizada), na que “no hay centros de poder superiores o inferiores, sólo foros más o menos amplios de acción política” (Elazar, p.62).

Obsérvase a diferenza co acontecido co caso do Estatuto catalán: Tribunal Constitucional *versus* vontade popular plebiscitada o que, en opinión de Pérez Royo

(2017), quebrou o pacto constitucional. Hai meses dicíamos o mesmo nun congreso celebrado en Ourense (López Mira, 2017)⁶, sinalando que se rompera un pacto que requiría o concurso de dúas vontades políticas, a autonómica e a estatal manifestada polo órgano representante da soberanía española e reforzadas, ademais, pola vontade plebiscitaria dos interesados, o pobo catalán. Nada máis, pero nada menos.

O día que un órgano do Estado, se queremos tecnocrático e co seu prestixio en cuestión⁷ pero non politicamente neutral, irrompeu virulentamente no núcleo de acordos políticos con elevadísimos niveis de consenso, violentou, sen lugar a dúbidas, o traballo de orfebrería do pacto constitucional en materia territorial e, ademais, contra o mesmo suxeito político, Cataluña, co que inaugurou a súa senda interpretativa dun Estado autonómico nunca pro-federal. Se a articulación territorial non se resolve e o intervencionismo estatal central resulta extremo e inmotivado (mesmo con duplicacións de estruturas administrativas), non pode ser máis que fantasía ou falacia alardear de modelo político-territorial descentralizado, unha especie de *devolution* trampa e, moitísimo menos como sostén parte da doutrina española, federal. A vulneración do principio federal é evidente non só na materialidade senón na completa ausencia de espírito federal dun Estado cujos axentes, constantemente, parecen añorar un unitarismo fundamentado en inexistentes soberanías esencialistas (*mutatis mutandis*, algo parecido a non poucos nacionalistas periféricos).

Los elementos de un régimen federal incluyen un sentido de participación de las partes que se manifiesta a través de la cooperación negociada, en la disposición a regatear conjuntamente hasta llegar a soluciones consensuadas o, por lo menos, a que cada parte sepa que su integridad ha quedado a salvo. La estructura federal sólo es significativa en aquellos países cuyo estilo de gobierno lo refleja (Elazar, p.95).

Doutra banda, a cultura política maioritaria no Estado resístese ferreamente a entender que as minorías queiran buscar un lugar ao sol, polo que opta por estratexias, ás veces, se dicen temente victimista se, con maior frecuencia, de talante fondamente agresivo, carentes todas elas do máis mínimo espírito federal. Abonde con citar a práctica unanimidade dos medios de comunicación maioritarios (televisións, radios ou prensa) radicados na capital do Estado e que marcan a axenda mediática da maioría do país e a súa virulencia cos diferencialismos do que eles consideran o estándar da cultura política española que, como indica Sánchez-Cuenca (2018), fomentaron un “espíritu intransigente que se ha instalado en grandes

⁶ Relatorio “Sistemas políticos europeos e americanos: unha ollada cara ao federalismo”, em *I Congreso Euroamericano de Dereito e Política*, Ourense, 18-20 de abril de 2017. Organización: Universidade de Vigo-Universidade Federal Fluminense (Brasil).

⁷Certo que non sempre por circunstancias a el imputables aínda que si ao abrumador partidismo encargado de recrutar aos seus membros que, dalgún xeito, acabou arrastrando o tanto a ollos de boa parte da doutrina como da opinión pública. Non é cuestión intrascendente achegarse ao dato de que dos 62 maxistrados/as do Tribunal Constitucional, só desempeñaban o seu traballo anterior en Cataluña 3 e no País Vasco 1, ningún en Galicia e 47 (máis do 75%!) en Madrid. Se ollamos unicamente ao sector de profesores/as de Universidade, dun total de 33, 2 proviñan de universidades catalás, 1 vasca, ningún das universidades galegas e 20 (máis dun 60%) de universidades madrileñas (Bustos, 2018).

sectores de la opinión pública y que procede en última instancia de un nacionalismo español acomplejado que entiende el reconocimiento de otras naciones como una debilidad o un cuestionamiento”.

O termo nacionalidade como moito pode considerarse como sinónimo de especificidade cultural pero, como sinala Bastida Freixedo, “supeditado a su ausencia de pulsión soberana; suvigencia es posible en tanto en cuanto no impugnen el *prius* de la unidad de la nación española” (Bastida, 1998, p.85). Na mesma liña Innerarity (2017) considera que a *nación* é un principio político (non meramente cultural), o que non significa que conduza á consecución dun Estado: “Si yo me siento nación no es porque me guste una lengua o unos bailes regionales, sino porque quiero que se respete un principio de autogobierno y que esa subjetividad tenga un reconocimiento. Eso no es folklore. Hay que tomárselo en serio”. Incluso podería considerarse máis que dubidosa a opinión de Bastida sobre a permisividade con hipotéticas nacións ou nacionalidades culturais, coa comprobación, por dicilo de xeito eufemístico, da desconsideración coas linguas propias (*sic* no bloque da constitucionalidade) dalgunhas delas (galego, euskera ou catalán) xa que, malia ser oficiais nos seus territorios (art. 3.2 da Constitución), combátese o deber de coñecelas e, aínda máis, a diferenza dos Estados federais plurilingües, grande parte da sociedade e das elites españolas non as estiman como se fosen unha grande riqueza cultural⁸, senón como un pernicioso elemento desintegrador de exclusiva pertenza de nacionalistas periféricos.

Nada máis contrario ao *pensar federalmente* do que fala Elazar, no que “la idea de que una sociedad se apoya sobre la base de una serie de pactos y alianzas que permiten perseguir fines comunes, mientras se respeta la integridad de las partes, cala profundamente en las culturas de los países federales auténticos” (Elazar, p.107). Ousaría alguén dicir que en España existe unha sociedade federal aínda que só fose de mínimos?

Aínda que, segundo Caminal(2002, p.105), “el federalismo no tiene salida cuando desde un nacionalismo estatal no se quiere renunciar a la soberanía absoluta sobre lo que considera *su territorio nacional*, o bien cuando desde un nacionalismo de oposición se reivindica el derecho de soberanía absoluta sobre *su propio territorio de autodeterminación nacional*”, tamén é certo “que los nacionalismos se moderan en la medida que pactan y se radicalizan cuando no hay voluntad de negociación, o bien el acuerdo se hace imposible. El federalismo puede servir, en ese sentido, como factor de entendimiento y, a su vez, de apaciguamiento nacionalista”.

Como sinala Romero González (2002, p.33), os nacionalismos periféricos resistiron -non só en España- incluso nas condicións máis adversas: “los hechos, para bien y para mal, demuestran en el final del siglo XX que los nacionalismos no pueden ser entendidos como una patología sino como una legítima expresión política del derecho a la diferencia” polo que “esta España plural e inacabada habrá de abordar lo que Kymlicka definiría como el acomodo de culturas nacionales en el contexto de una *cultura socialmayoritaria*”. Como tamén indica outra autoridade mundial na

⁸ Curiosamente, a Constitución si o fai no seu artigo 3.3.

materia, Ronald L. Watts (2006, p.110), “cuando la diversidad está enraizada en la sociedad, el simple esfuerzo para imponer la unidad política ha sido raramente exitoso, y con frecuencia ha provocado incluso el efecto contraproducente de la separación”. Eis polo que “el federalismo sólo puede existir allí donde haya una considerable tolerancia hacia la diversidad y una firme voluntad de ejercer la acción política desde la negociación incluso cuando se disponga del poder para actuar unilateralmente. El principal requisito para actuar en un sistema federal consiste en la habilidad para construir el consenso, más que en el poder para amenazar con la coerción. Los países occidentales pueden aportar numerosos ejemplos prácticos de autocontrol nacional en cuanto al enfoque de arduos problemas federales” (Elazar, p.229).

No Observatorio Político Autonómico de 2008 (p.38)⁹, dous anos antes da sentenza do Tribunal Constitucional, un 11'6% de cataláns considerábanse unicamente membros da súa Comunidade (32'7% no País Vasco), 19% máis catalán ca español (17'1% en Andalucía ou 22'8% en Galicia) e un 47'3% tiñan sentimento de pertenza compartido Cataluña/España. O troco sociopolítico, como xa dixemos, foi de tal magnitude como vertixinosos os propios acontecementos políticos (desaparición de partidos de goberno case hexemónicos, drásticos cambios no sistema de partidos, múltiples convocatorias electorais...), pasando dos datos sinalados a, aproximadamente, a metade da cidadanía catalá¹⁰ apostando, a través de vías democráticas, por unha república independente de España.

Simplificar unha cuestión política deste calado co desprezo cara ao que se considera diferente ou mesmo irracional, non a vai solucionar aínda que si pode empeoralala nunha sorte de inconsciente unitarismo separatista. Como é posible que un Goberno minimamente responsable e consciente aprobe un decreto urxente para facilitar que as empresas radicadas en Cataluña puidesen mudar a súa sede social de maneira inmediata fóra do territorio catalán, é dicir, dunha parte do territorio soberano español, incluso contra os estatutos das propias empresas, tal e como aconteceu en outubro de 2017? “La federación plural exige el *policentrismo*, es decir que existan distintos centros de gobierno sin que ninguno de ellos pueda imponerse a los demás en cualquier materia o competencia” (Caminal, p.165).

Non parece sinxelo acadar este punto de encontro no caso español, pero o que si semella imprescindible é superar un Estado autonómico que é antítese do federalismo. Construcións políticas e territoriais ben máis complexas temos experimentado na nosa contemporaneidade; falemos, por exemplo, dunha Unión Europea que, aínda que trenca no seu andar para adaptarse aos fondos cambios sociais, económicos e políticos máis recentes, non cabe dudar do seu éxito malia a súa singularidade creativa. Seguramente, resultará máis custoso forxar unha cultura política fundamentada no respecto á diferenza e aos diferentes que non por iso son

⁹ Elaborado, conxuntamente, pola Universitat Autònoma de Barcelona, a Universidad de Granada e a Universidade de Santiago de Compostela.

¹⁰ Sobre un 6% da cidadanía española en idade electoral que está conformando un *demos* alternativo en expresión de Jordi Amat (2017). Unha minoría considerable que, como se sabe, non é, nin moito menos, a única do Estado, e á que cumpriría respectar en democracia.

ilotas ou estranxeiros e, xa que logo, potenciais inimigos da patria e irracionais no seu pensamento¹¹, que non merece debate senón mera descualificación por parte das elites intelectuais os seus altofalantes mediáticos, os desvergoñados intelectuais parafraseando o título dun libro de Sánchez-Cuenca (2017), que establecen a verdade oficial¹² ou dogma prexuízoso do *single-mindedness*. Non resulta posible entender as complexas sociedades contemporáneas se non é desde unha óptica de diversidade inundada por un enorme pluralismo.

Como sinala Innerarity (2017), “la mayor parte de los conceptos que nosotros utilizamos en política –soberanía, poder, territorio, representación, legitimidad– surgieron en un momento en el que las sociedades eran simples, homogéneas, autárquicas y delimitadas. Ya no tenemos nada de esto hoy”. Sen dúbida, a elaboración e deseño dun cambio de paradigma será traballosa porque, como observamos ao longo destas liñas, o imperativo categórico do centralismo español está tan arraigado que considera que calquera outra hipótese está fóra do que é unha lei universal da natureza e, xa que logo, non é racional e non debe nin considerarse. Ademais, ese troco non debería tardar moito, na nosa opinión, baixo risco de que a situación se deteriore de tal maneira que chegue a resultar irreversible.

Referencias

- Amat, Jordi (2017). *La conjura de los irresponsables*, Barcelona, Anagrama.
- Bastida Freixedo, Xacobe (1998). *La nación española y el nacionalismo constitucional*, Barcelona, Ariel.
- Bastida Freixedo, Xacobe (2007). “La senda constitucional. La nación española y la Constitución” en Carlos Taibo (dir.): *Nacionalismo español. Esencias, memorias e instituciones*, Madrid, Los Libros de la Catarata, 113-158.
- Broschek, Jörg (2017). “Federalismo en Europa, América y África: un análisis comparativo” en Wilhelm Hofmeister y José Tudela Aranda (eds.). *Sistemas federales. Una comparación internacional*, Madrid-Zaragoza, Fundación Konrad Adenauer-Fundación Manuel Giménez Abad, 35-61.
- Bustos Gisbert, Rafael (2018). “Sesgos en la composición de los altos tribunales: género y procedencia”. *Agenda pública. El periódico* (2 de xuño de 2018). <http://agendapublica.elperiodico.com/sesgos-en-la-composicion-de-los-altos-tribunales-genero-y-procedencia/>
- Caminal, Miquel (2002). *El federalismo pluralista. Del federalismo nacional al federalismo plurinacional*. Barcelona, Paidós.
- Elazar, Daniel J. (1990). *Exploración del federalismo*. Barcelona, Editorial Hacer.

¹¹Alguns epítetos habituais, que non exclusivos, de escritos académicos sinalados por Romero González (p. 33) son “prepolítico”, “anacrónico”, “caduco” ou “irracional”.

¹²Bastida Freixedo propón o experimento de escollera ocho u calquera dos máis de cento setenta números publicados de *Claves de razón práctica* ata 2007 e en todos eles atoparase un artigo contra o nacionalismo, “periférico, se entiende” (Bastida, 2007, p. 114).

García Pérez, Basilio & López Mira, Álvaro Xosé (1996). *O nacionalismo galego e o futuro do nacionalismo*, Pontevedra, O gato da Moureira.

González Mariñas, Pablo en Álvaro Xosé López Mira (2018). *Sistema político español e galego*, Santiago de Compostela, Andavira Editora.

Herrera Yagüe, Carlos (2018). “Estado autonómico y descentralización económica: historia de un fracaso de 40 años”. *Magnet* (19 de setembro de 2018). <https://m.magnet.xataka.com/en-diez-minutos/estado-autonomico-descentralizacion-economica-historia-fracaso-40-anos>

Innerarity, Daniel (2017). Xornal *El Mundo*. Entrevista de Raúl Conde (15 de xullo de 2017). <http://www.elmundo.es/opinion/2017/07/15/5968fe95ca474186628b45b9.html>

Kneuepling, Félix (2017). “Gobernanza federal entre pluralidad y unidad nacional” en Wilhelm Hofmeister y José Tudela Aranda (eds.). *Sistemas federales. Una comparación internacional*, Madrid-Zaragoza, Fundación Konrad Adenauer-Fundación Manuel Giménez Abad, 13-34.

López Mira, Álvaro Xosé (2003-2004). “Veinticinco años de Estado autonómico: una mala solución organizativa para un problema político” en *Revista de Derecho Político*, núms. 58-59, 737-748.

López Mira, Álvaro Xosé (2018). “El modelo autonómico español como antídoto del federalismo” en *Revista de Derecho Político*, núm. 101, 867-877.

Pérez Royo, Javier (2017). Xornal *La Vanguardia*. Entrevista de Jaime Pi (26 de setembro de 2017). <http://www.lavanguardia.com/politica/20170926/431561846495/perez-royo.entrevista.html>

Piña Homs, Román (2003). “El proyecto del Estatuto ‘Maurá’ de 1893, para la autonomía de Cuba y Puerto Rico” en Luis E. González Vales (coord.). *XIII Congreso del Instituto Internacional de Historia del Derecho Indiano: Actas y estudios*. Vol. 2, España, Academia Puertorriqueña de la Historia, 149-161.

Preston, Paul (1997). *La política de la venganza*, Barcelona, Península.

Requejo, Ferrán (2007). *Federalismo plurinacional y pluralismo de valores. El caso español*. Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

Rodríguez Aguilera de Prat, Cesáreo (2018). “El PP favorece la desintegración de España”. *Agenda pública. El periódico* (18 de maio de 2018). <http://agendapublica.elperiodico.com/el-pp-favorece-la-desintegracion-de-espana/>

Romero González, Joan (2002). “Naciones y regiones. Realizaciones, insuficiencias y límites del proceso de descentralización política en España” en A. Cucó e outros (eds.). *La organización territorial del Estado. España en Europa: un análisis comparado*. Madrid, Marcial Pons, 13-39.

Ruiz Robledo, Agustín (2003-2004). “Veinticinco años de Estado Autonómico” en *Revista de Derecho Político*, núms. 58-59, 707-735.

Sánchez-Cuenca, Ignacio (2017). *La desfachatez intelectual. Escritores e intelectuales ante la política*, Madrid, Los Libros de la Catarata.

Sánchez-Cuenca, Ignacio (2018). “La anestesia democrática del nacionalismo

español” (18 de abril de 2018) en CTXT. *Revista Contexto* n° 165.
<http://ctxt.es/es/20180418/Firmas/19083/nacionalismo-Espa%C3%B1a-Ignacio-Sanchez-Cuenca-Catalunya.htm>

Torres del Moral, Antonio (1988): *Constitucionalismo histórico español*, Madrid, Átomo Ediciones.